

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de marzo de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTE:

D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitútese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(395).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias do 10 e 13 de marzo, ordinaria do 16 de marzo e extraordinarias e urxentes do 17 e 18 de marzo de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(396).- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2009. EXPTE. 20940/511.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. De Tributos, do 17.03.09, conformado pola directora de Ingresos e o interventor xeral, que di o seguinte:

De acordo cos datos obrantes na Administración de Tributos Municipal así como da información recibida da Xefatura Provincial de Tráfico durante o ano 20087 e xaneiro do ano 2009, e aplicando a normativa do imposto prevista no RDL 2/2004 de 5 de Marzo (Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) así como na ordenanza fiscal reguladora, tense elaborado o Padrón fiscal do ano 2009 do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que obra no presente expediente e se presenta á Concellería de Economía e Facenda, para a súa aprobación.

A diferenza neta de vehículos entre 2008 e o ano 2009 ascende a 2.613 vehículos (1.52 % de incremento).

Resulta significativa a comparación por tipo de vehículos: incrementa un 0.79% os vehículos de menos de 8 CF, un 1.81% os vehículos de 8 a 12 CV, un 0.81% os vehículos de 12 a 16 CV, un 2.97% os de 16 a 20 CV e un 5.07% os de mais de 20 CV,

De acordo co artigo 8.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, nos ciclomotores e motocicletas de ata 125 cc. as cotas anuais deberán 12.198 ciclomotores e 7.407 motos de ata 125 cc. O impreso de autoliquidación está dispoñible na paxina www.vigo.org, oficina virtual.

O incremento en termos de cota total entre 2008 e 2009 ascende a 639.560,52 euros, un 4.43 % respecto do importe do padrón do ano 2008

Concedéronse exencións por minusvalía a 4.685 suxeitos pasivos por importe de 470.075.20 euros.

	2008	2009	Inc 08/09
IMPORTE PADRÓN	14.444.441,53 €	15.084.002,05 €	4.43%
Nº DE VEHÍCULOS PADRÓN	172.317	174.930	1.52%
Nº EXENCIONES POR RAZÓN DE MINUSVALIA	4.133	4.685	13.35%
IMPORTE EXENCIONES POR RAZÓN DE MINUSVALIA	402.338,42 €	470.075,20 €	16.83%

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de xullo de 2007 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1.- Aproba-lo Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2009 que comeza coa inscrición do vehículo matricula 0554 BBB e remata coa inscrición do vehículo matricula

ZA-41442-VE, polo importe total de 15.084.002,05 euros (Quince millóns oitenta e catro mil dous euros con cinco céntimos), correspondentes a un total de 174.930 vehículos.

2. *Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral”*

3. *Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.*

A concelleira de Economía e Facenda resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(397).- REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO DE VIXILANCIA NA UNIDADE ASISTENCIAL CEDRO ADXUDICADO A SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., SETEMBRO 2007-NOVEMBRO 2008. EXPTE. 40216/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 5.03.09, conformado polo xefe de Sector, a concelleira delegada de Benestar Social, a concelleira de Facenda e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Autorizar, en execución do prego de cláusulas técnicas e administrativas particulares para a contratación do servizo de vixilancia na unidade asistencial Cedro, adxudicado pola Comisión de Goberno en sesión 12 de novembro de 2007, a nome de Securitas Seguridad España, S.A., disposición de crédito por importe de 2.5063,50 € na partida 4123.2270100 como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos, en función da variación do IPC nacional no período setembro 2007/novembro/2008.

Segundo: Aprobar o importe da segunda anualidade do contrato que, para o período decembro 2008-decembro 2009, ascende a un total de 58206,50€.

4(398).- NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS EN ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (0-3 ANOS) PARA O CURSO 2009-2010. EXPTE. 10435/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 23.03.09, conformado pola concelleira-delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2009/2010, conforme co texto que de seguido se transcribe.

2º.- Facultar á concelleira delegada de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2009-2010, de acordo co calendario previsto nas Normas citadas.

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2009-2010

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas nas Escolas Infantís Municipais 0-3 (EIM) dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2009-2010 e establecer a convocatoria e calendario de solicitude.

SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario

1. Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

a) Que o neno/a teña a súa residencia en Vigo e teña nacido no momento de presentar a solicitude

b) Idade do neno/a

Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso

Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2009

c) Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas

As prazas adxudicaránse por esta orde:

a) Reserva de praza

Co obxecto de dar continuidade ás prazas adxudicadas no curso 2008-2009, gozan de preferencia para a adxudicación as solicitudes de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2008-2009 sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas. Os nenos/as matriculados na xornada de tarde só poderán reservar praza nese mesmo horario.

b) Novo ingreso

Poderase solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia a/as opción/s no impreso de solicitude. No caso de marcar máis dunha Escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As prazas adxudicaránse por esta orde:

- 1. Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na Escola Infantil Municipal na que solicitan praza e sexan nai, pai, titora ou titor legal.*
- 2. Os/as sollicitantes con irmán/á cunha praza renovada na EIM para o que solicitan praza*
- 3. As prazas que queden vacantes adxudicaranse ós/ás sollicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo I destas Normas. Esta puntuación deter-*

minará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

c) Solicitudes fóra de prazo

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, de xeito extraordinario o prazo de solicitudes permanecerá aberto a partir do mes de setembro no caso de existiren prazas vacantes e non existir lista de reserva para a quenda solicitada.

CUARTA.- Horario e calendario das EIM

1. Horario

As EIM dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 21.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase un horario de permanencia das cativas e cativos na escola:

- ◆ *Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.*
- ◆ *En casos extraordinarios o horario ampliarase ou reducirase, trala valoración técnica das circunstancias das e dos menores.*

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ *A entrada pola mañá realizarase entre as 07.30 e as 10.00 horas.*
- ◆ *A entrada pola tarde será as 16.00 horas.*
- ◆ *A saída do centro non estará permitida entre as 13'00 e as 15'30 h.*

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polos seguintes quendas e horarios:

<i>QUENDA</i>	<i>Mañán</i>	<i>Tarde</i>	<i>Continuada</i>
<i>horas</i>	<i>08:00 a 14:00</i>	<i>16:00 a 20:00</i>	<i>08:00 a 16:00</i>
<i>horas</i>	<i>09:00 a 14:00</i>	<i>16:00 a 21:00</i>	<i>09:00 a 16:00</i>
<i>horas</i>	<i>07:30 a 15:30</i>		<i>09:00 a 17:00</i>
<i>horas</i>			<i>10:00 a 18:00</i>

2. Calendario.

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral, así como o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

O curso escolar comezará o día 7 de setembro.

As/os usuarias/os poderán asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período de setembro de 2009 a 31 de xullo de 2010.

QUINTA.-Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, servizo de comedor e de orientación.

SEXTA.- Prezos.

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Ordenanza nº 23 ano 2009), coas exencións e bonificacións nela contidas. Estas on, para o ano 2009 as seguintes:

<i>Renda per cápita mensual</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Mensualidade</i>
<i>Ata 284,5 €</i>	<i>Exento</i>	<i>Exento</i>
<i>Ata 444,58 € familias numerosas</i>	<i>Exento</i>	<i>Exento</i>
<i>Entre 284,00 e 323,00€</i>	<i>24,85</i>	<i>24,85</i>
<i>Entre 313,01 e 383,00€</i>	<i>40,70</i>	<i>40,70</i>
<i>Entre 383,01 e 452,00€</i>	<i>74,55</i>	<i>74,55</i>
<i>Entre 452,01 e 523,00€</i>	<i>99,40</i>	<i>99,40</i>
<i>Maior de 523,00 €</i>	<i>124,25</i>	<i>124,25</i>

Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.

Cando exista modificación da situación laboral dalgún dos pais ou titores respecto á existente do ano 2008, se xustificarán os ingresos actuais dos membros da unidade familiar coa última nómina ou documento que acredite os ingresos da nova situación.

As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.

2, A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:

a) Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.

b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo nos supostos previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes en que se lle concede a praza

SÉTIMA.- Renda per capita mensual

1. Para os efectos desta Norma, entenderase por renda per capita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a

suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais e fillas/os menores de dezoito anos ou fillas/os maiores de dezoito anos con minusvalidez superior ao 33%. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

2. Para os efectos desta Norma, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarlles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

OITAVA.- Solicitudes e documentación.

A) Solicitudes

As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados que serán entregados no Servizo Municipal de Educación e nas Escolas Infantís Municipais e poderán tamén descargarse da páxina web municipal.

1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ó día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2009-2010 na quenda no que estivera matriculado no curso 2008-2009.

O prazo de renovación e entrega de documentación establécese do 6 ao 30 de abril de 2009

2.- Solicitudes de novo ingreso

Os impresos de solicitude de novo ingreso facilitaranse nas propias escolas ou no Servizo de Educación do Concello de Vigo.

As solicitudes xunto coa documentación requerida presentaranse no Servizo de Educación ou na Escola Infantil Municipal na que solicita praza en primeira opción.

O prazo de presentación de solicitudes establécese do 6 ao 30 de abril de 2009.

3.- Listas provisionais

Unha vez realizada a baremación farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera. coa puntuación obtida.

Estas listas expóranse no taboleiro de anuncios das escolas infantís o día 5 de xuño de 2009 e na web municipal.

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas, no prazo de dez días desde a data de publicación da lista de admisións provisional.

4.- Listas definitivas

Unha vez comprobadas as posibles reclamacións, éstas consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas que quedarán expostas nos taboleiros de anuncios das escolas e na web municipal a partir do día 22 de xuño de 2009.

5.- Formalización de matrícula

a) Renovación alumnado do curso 2008-2009

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 1 ao 15 de xullo de 2009. Para confirmar a praza deberán obrigatoriamente formalizar o pago de matrícula establecida no prazo que se indica, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

b) Novo alumnado

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 1 ao 15 de xullo de 2009.

Durante este prazo as familias das nenas/nenos admitidos formalizarán a reserva de praza, na EIM onde obtivesen a praza, mediante o pago da matrícula correspondente, caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

B) Documentación a presentar coa solicitude

1) Alumnado procedente do curso 2008-2009:

Presentará coa solicitude de renovación a fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade Familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

Calquera outra documentación que acredite cambios na situación familiar anterior

2) Alumnado de novo ingreso. As solicitudes de novo ingreso terán que presentarse acompañadas da documentación seguinte:

a) Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.

b) Unha fotocopia cotexada do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

c) Xustificación de ingresos:

Fotocopia da última declaración da renda de tódos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

d) Outros documentos, se procede, en que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

-As responsabilidades familiares.

-O certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.

-As enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.

-A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).

-A certificación de ser demandante de emprego (con efectos desde o día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes), da nai, pai, titora ou titor legal.

-A condición de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez (acreditada mediante fotocopia compulsada do libro de familia e certificado de convivencia).

-A ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais.

-O título de familia numerosa

NOVENA.- Tramitación

O Servizo de Educación do Concello de Vigo, comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.

O Servizo municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que coiden precisos para a máis eficaz realización do seu cometido.

DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no ANEXO I desta Norma, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.

2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:

Presidencia: o xefe do servizo de Educación

Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e dous funcionarios/as do servizo municipal de Educación, un/ha deles actuando de secretario/a, nomeados pola concelleira delegada de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á concelleira de Educación que resolverá a lista provisional de admitidos/as.

A relación provisional de admitidas/os e lista de espera, coa puntuación obtida, poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como nas páxinas web municipal e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

UNDÉCIMA.- Reclamacións.

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisional.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

DUODÉCIMA.- Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza.

1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, a Concelleira delegada de Educación aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de espera coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte.

Esta relación poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como nas páxinas web municipal e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

2. As/os solicitantes admitidas/os disporán desde o 1 ao 15 de xullo de 2009, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o recibo de pagamento da matrícula. Presentarán asemade nese momento fotocopia da cartilla de vacinacións e certificado médico oficial. Para os ingresos fóra do prazo os 10 días naturais contarase desde o día seguinte ao da notificación da resolución da concesión da praza.

3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza . Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.

4. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Lista de espera

1. A lista de espera será única e estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das Escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de espera.
3. No caso de adxudicarse a vacante en algunha das Escolas solicitadas, e o beneficiario renuncia a ocupala, pasará automaticamente ao posto derradeiro da lista de espera.

DÉCIMO CUARTA.- Baixas

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:

- a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
- b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
- c) Polo non-pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda. Sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.
- d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
- e) Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
- f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.

2. As baixas motivadas polo establecido na línea e) resolveraa a Concelleira delegada de Educación unha vez escoitada a dirección do centro en que estea a/o nena/o matriculada/o e tras informe técnico do Servizo de Educación municipal. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución Concelleira delegada de Educación.

3. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranas as/os solicitantes que figuren en lista de espera en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

DÉCIMO QUINTA.- Regulamento xeral

Estas normas serán de aplicación ao curso 2009-2010. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprobe o Concello de Vigo.

ANEXO I

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM)
PARA O CURSO 2009-2010

BAREMO

BAREMO DE APLICACIÓN	PUNTOS
<i>SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente)</i>	
<i>Inferior ao 25% do IPREM</i>	4
<i>Entre o 25% e o 50% do IPREM</i>	3
<i>Entre o 50% e o 75% do IPREM</i>	2
<i>Entre o 75% e o 100% do IPREM</i>	1
<i>Entre o 100% e o 125% do IPREM</i>	-1
<i>Entre o 125% e o 150% do IPREM</i>	-2
<i>Superior ó 150% e inferior ao 200% do IPREM</i>	-3
<i>Igual ou superior ao 200% do IPREM</i>	-4
<i>SITUACIÓN LABORAL</i>	
<i>Situación laboral de ocupación:</i>	
• <i>Nai</i>	3
• <i>Pai</i>	3
<i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros.</i>	
<i>Situación laboral de desemprego:</i>	
• <i>Nai</i>	2
• <i>Pai</i>	2
<i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros.</i>	
<i>SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR</i>	
<i>Por cada membro da unidade familiar</i>	2
<i>Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta</i>	1
<i>No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza necesese nun parto múltiple</i>	1
<i>Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalidad, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia</i>	2

<i>Po condición de familia monoparental</i>	3
<i>Por condición de familia numerosa</i>	3
<i>Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais</i>	6
<i>Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:</i>	<i>Ata 3</i>
SITUACIÓN RESIDENCIAL	
<i>Alumnos domiciliados na zona (Distrito postal)</i>	2

5(399).- XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DE PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO PARA O ANO 2009 (AUTOXESTIÓN). EXPTE. 10384/332.

Examinadas actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 2.03.09, conformado pola concelleira da Área de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2009 (Autoxestión 2009), que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar a disposición do financiamento para a posta en marcha da Autoxestión 2009, destinando para tal fin a cantidade de 377.140,64 euros, da partida 4220 2120000 “Reparacións e mantemento edificios colexios” do orzamento municipal vixente.

Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2009 (Autoxestión 2009)

BASES

PRIMEIRA.- *Destínase a cantidade de 377.140,64 euros (TRESCENTOS SETENTA E SETE MIL CENTO CORENTA EUROS CON SESENTA E CATRO CENTIMOS) para o ano 2009, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, fundamentalmente nos seguintes aspectos:*

- *alarmas*
- *xardinería*
- *limpeza non contratada*
- *baleirado de fosas*
- *carpintería*
- *fontanería*
- *pintura*
- *soldadura*
- *albanelería*

- *limpeza de depósitos de auga, etc.*

En xeral, todos os traballos de mantemento dos centros que precisen actuacións de pequena entidade, consonte coas consideracións que se especifican na base Quinta deste documento. O Concello de Vigo realizará, para a súa entrega aos Consellos Escolares, unha guía ou manual para o mantemento dos colexios públicos, para facilitar o seu traballo e aclarar dúbidas sobre competencias e procedementos de mantemento e conservación.

SEGUNDA.- Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o procedemento que se indica na base Sétima e que queda reflectido no correspondente cadro anexo. Esta cantidade farase efectiva do xeito que se indica no seguinte punto.

TERCEIRA.- O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada en dúas partes. A primeira a principios do ano, consecuencia da tramitación e aprobación polo órgano competente do correspondente expediente de Autoxestión, e a segunda aproximadamente no mes de xullo, unha vez liquidada e debidamente xustificada a primeira cantidade ingresada. É dicir:

- *O 50% no momento no que o Servizo de Educación tramite o primeiro pago, unha vez recibida certificación da aprobación do expediente correspondente pola Xunta de Goberno Local, para facer fronte os gastos de mantemento e conservación do primeiro semestre. Previamente, os Consellos Escolares deberán manifestar a súa adhesión expresa e voluntaria a este sistema de mantemento en cooperación co Concello de Vigo;*
- *O outro 50% cando se presenten por parte da dirección do centro, e se conformen por parte do servizo municipal de Educación, os documentos que xustifiquen a aplicación dos fondos librados aos fins previstos -tal e como se indica a continuación-, nunha contía mínima igual á cantidade adiantada;*
- *Durante o primeiro mes do ano seguinte, a Dirección do centro educativo presentará, de igual xeito, a xustificación deste último importe librado. No caso de que o importe xustificado fora inferior ao importe librado, o correspondente saldo será deducido do seguinte ingreso a realizar (do primeiro pago do ano seguinte) polo Concello de Vigo ao abeiro do programa Autoxestión, contabilizándose a partir dese momento como importe a xustificar no novo período. Se o centro educativo non participara no citado programa nesa anualidade, o saldo deberá ser ingresado na conta do Concello, polo que a aportación municipal para a conservación e mantemento será xustificada na súa totalidade.*

As correspondentes xustificacións de fondos librados deberán ser presentadas pola dirección dos centros educativos, nos prazos que en cada caso corresponda, do seguinte xeito:

1º) Relación de facturas: conxunto ordenado de facturas (legais e orixinais) que xustifican gasto referido a traballos de mantemento ordinario e preventivo. As facturas deberán ser de curso legal e nelas debe figurar:

- *A palabra “Factura”, co seu número correspondente.*
- *Datos completos do proveedor: nome, CIF, enderezo.*
- *Concepto do gasto, o máis concreto posible.*
- *Importe total, co IVE desglosado ou indicando IVE incluído.*

Os orixinais das facturas serán arquivados na secretaría do centro para, se é o caso, e conforme ao artigo sexto da normativa vixente de Autoxestión, poder seren consultados polos servizos técnicos e económicos municipais.

2º) Certificación do acordo do Consello Escolar correspondente, no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para a liquidación. Esta certificación deberá recibirse no Servizo de Educación preferentemente dentro da segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano. Para a súa elaboración, a correspondente Comisión Económica, coa presenza do representante municipal no Consello Escolar, reunirse previamente á celebración do citado Consello Escolar, co obxecto de presentar a xustificación dos gastos efectuados ao abeiro do presente programa municipal de Autoxestión, que se concretará na supervisión da relación ordenada das facturas pagadas con cargo a Autoxestión.

CUARTA.- As contías entregadas destinaranse integramente a gastos relativos ao mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido ao pagamento de facturas relativas aos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques, ...), como ao pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto, legalmente establecidas.

QUINTA.- Prohíbese expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a realización con fondos do programa Autoxestión de obras de mellora, reforma ou ampliación que suporían modificación na distribución da estrutura dos edificios, así como aquelas reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas e instalacións eléctricas e as que poidan supoñer ponteado, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos. Sen embargo, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámparas, cebadores, resistencias, etc, entran no concepto de Autoxestión e deberán ser realizados polo centro.

A partires da data de efectividade deste acordo non se admitirá por parte dos servizos municipais ningunha proposta de actuación dos mesmos, nin gastos algúns que se atopen incluídos nos autorizados a realizar directamente polos directores/as dos centros. Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo, deberán ser solicitadas por escrito ao Servizo de Educación, que actuará, asimesmo, en caso de emerxencias ou grandes avarías, así como nos casos nos que os colexios non teñen recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases, previo informe da Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación

O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.

SEXTA.- Dada as diferencias que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estrictamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Servizo de Educación e polos mecanismos propios da Intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

SÉTIMA.- Para a distribución do presuposto xeral previsto, de acordo coa proposta do órgano de representación dos/das directores/as de todos os colexios públicos de Vigo, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte BAREMO:

- por cada unidade escolar (segundo datos da Consellería de Educación) 15 puntos
- por cada 50 alumnos/as ou fracción (segundo datos da Cons. Educación) 15 puntos
- antigüidade: por cada ano (sen límite) 2 puntos

- *por cada 1.000 m² de superficie do recinto escolar* 5 puntos
- *por non ter vixiante-porteiro* 40 puntos
- *por ter vixiante-porteiro que presta servizo noutro servizo municipal* 20 puntos
- *por ter servizo de comedor (sobre situación ano 2003)* 20 puntos
- *por ter ximnasio en edificio aparte* 20 puntos
- *colexios Plan Urxencia (Rf)* 30 puntos

OITAVA.- *O mantemento das vivendas dos porteiros-vixiantes non está incluído na autoxestión.*

NOVENA.- *En atención ás especiais características do Centro de Educación Permanente de Adultos/as non son de aplicación as puntuacións:*

- *por terreos*
- *por alumnado: neste caso puntuarase con 15 puntos cada cen alumnos ou fracción.*
- *por unidades: puntuarase con 15 puntos cada dúas unidades escolares*

DÉCIMA.- *As reclamacións terán efecto no ano seguinte e deberán solicitarse ao Servizo de Educación mediante escrito e presentando os correspondentes xustificantes.*

DÉCIMA-PRIMEIRA.- *O Servizo de Educación cursará as órdenes oportunas á Intervención para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ao sistema de Autoxestión.*

6(400).- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO ÓRGANISMO AUTÓNOMO DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES. EXPTE. 8531/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a Relación de postos de traballo do Instituto Municipal dos Deportes, aprobada en Xunta Rectora do IMD o 21.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a seguinte Relación de postos de traballo-exercicio 2009- do Órgano autónomo “Instituto Municipal dos Deportes”:

DENOMINACION	DOT	RL	GR	CD	CE
DIRECTOR DEPORTIVO-XEFE UNID. TEC.DEP	1	INDEF.	A1	26	11
DIRECTOR TECNICO	1	INDEF.	A1	26	11
COORDENADOR DEPORTIVO	1	INDEF.	A1	26	11
TECNICO	1	INDEF.	A2	25	17 <i>1 vacante</i>
ADMINISTRATIVO	3	INDEF.	C1	18	93 <i>1 vacante</i>
TÉCNICO MANTEMENTO STMAS. INFORMÁTICOS	1	INDEF.	C1	18	140 <i>1 vacante</i>
XEFE MANTEMENTO INSTALACIONES	1	INDEF.	C2	18	91
ADXUNTO COORDENADOR	1	INDEF.	C2	18	92
XEFE UNIDADE MANTEMENTO E TALLER	1	INDEF.	C2	18	91

CONSERXE RESPONSABLE INSTALACION	3	INDEF.	C2	16	90
OFICIAL DE MANTEMENTO	10	INDEF.	C2	15	156 <i>2 vacante</i>
OFICIAL DE INSTALACIÓN	16	INDEF.	C2	15	156 <i>2 vacante</i>
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	INDEF.	C2	16	166
AXUDANTE DE MANTEMENTO	14	INDEF.	E	14	158
LIMPADORA	1	INDEF.	E	14	158

PRAZAS PERSOAL LABORAL FIXO

PRAZAS PRESUPOSTARIAS	Nº	TITULACION ESIXIDA
TECNICO EDUCACION FISICA	3	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A
TÉCNICO EDUCACIÓN FÍSICA	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2
ADMINISTRATIVO	3	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
TÉCNICO MANTEMENTO STMAS. INFORMÁTICOS	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
ENCARGADO XERAL	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
ADXUNTO COORDENADOR	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
CÁPATAZ	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
OFICIAL DE MANTEMENTO	10	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
OFICIAL DE INSTALACION	19	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
AXUDANTE DE MANTEMENTO	14	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E
OPERARIO	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E

7(401).- PROPOSTA PARA CONCERTAR UNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO. EXPTE. 101387/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, do 10.03.09, que di o seguinte:

Ó obxecto de concertar a operación de préstamo que está incluída no Estado de Ingresos do orzamento xeral aprobado para o ano 2009 no concepto 917.00, redactáronse ás condicións ás que se suxeitará a mesma, así como o modelo de contrato a subscribir que conformará ó mesmo tempo o modelo de oferta.

Esta Concellería Delegada de Área de Economía e Facenda, en base ás delegacións de 20 de xunio, 5 de xullo e 16 de xullo de 2007 da Alcaldía-Presidencia e Xunta de Goberno Local, ó amparo do previsto no artigo 127.1.f da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

a) Aprobar as condicións e características ás que quedará suxeita a operación de crédito a concertar por un importe de 10.000.000,00 euros, que figuran no Estado de Ingresos do Orzamento no concepto 917.00 para financiar parte doplan de investimentos que figuran no Orzamento Xeral aprobado polo Pleno de Corporación en sesión do 22 de decembro do ano 2008 para o ano 2009.

b) Aprobar o modelo de contrato a formalizar pola entidade financeira que resulte adxudicataria da operación e que conformará o modelo de oferta para os licitadores.

c) Someter o procedemento a publicidade, inserindo un anuncio no xornal de maior tirada da cidade e cos prazos de presentación de ofertas que figuran nas características da operación.

ci)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente informe.

8(402).- ENAXENACIÓN DE VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL PARA CHATARRA. EXPTE. 74939/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 13.03.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Enaxenar os restos de vehículos que se encontran no depósito da avda. de Madrid que figuran nas fotografías adxuntas e que se encontran separados e delimitados dos restantes vehículos, cuido peso aproximado é de 50 toneladas, por un prezo por tonelada de 70 €, debendo adxudicarse a un xestor autorizado, de conformidade co disposto no Real Decreto 1383/2002, de 20 de decembro.

Os gastos de recollida e traslado dos restos de vehículos serán por conta do adxudicatario, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación de acordo da adxudicación), debendo presentar o xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

9(403).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ABOAMENTO DE GASTOS DE LOCOMOCIÓN A D. JUAN ZARAGOZA BASTOS. EXPTE. 1731/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación Cidadá, do 12.03.09, conformado polo concelleiro de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorizar o traballador deste Concello Juan A. Zaragoza Bastos, número de persoal 17704, por a disposición do servizo de Participación Cidadá-Atención Cidadá os seus vehículos particulares para realizar toda clase de visitas os centros dependente desta Concellería de Participación Cidadá dentro do horario laboral e fora del sempre que proceda.

2.- En contraprestación se remunerará o citado traballador mediante o abono dos gastos de locomoción habidos.

3.- A xustificación faráse de igual maneira que a do persoal doutros servizos que teñan recoñecida a percepción destes gastos de locomoción.

10(404).- REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E CONSERXERÍA DOS CENTROS CÍVICOS ADXUDICADO A IMESAPI S.A. EXPTE. 1733/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 13.03.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A empresa IMESAPI S.A., adxudicataria do contrato de atención ao público e conserxería dos Centros Cívicos, por acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de xaneiro de 2008 ten dereito, conforme o prego de prescricións administrativas, á correspondente revisión de prezos do contrato.

O prego de condicións administrativas establece na cláusula 3.2.1. que, “Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 9.1 da FEC (follas de cláusulas administrativas), conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no apartado 9.2 da FEC...”

Á súa vez, o apartado 9.2 das Follas de Características do Contrato (FEC) dispón: “Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a apertura de proposicións económicas”.

A Mesa de contratación de data 28 de novembro de 2007 procedeu á apertura da documentación das ofertas presentadas.

A Xunta de Goberno Local de data 21 de xaneiro de 2008 acordou:

- Adxudicar a Imesapi SA, os servizos de atención ao público e conserxería dos centros cívicos municipais, por un importe anual de 89.775,00 €
O prazo do contrato, segundo a cláusula 3ª do documento administrativo de formalización deste, é de dous anos.*

O INE certifica que, nos períodos comprendidos:

- Entre o mes de novembro de 2007 (apertura de proposicións), e o mes de febreiro de 2008 (data de revisión), o incremento relativo é do 0,6 %.*

O incremento do importe supón a cantidade de 538,65 € e corresponde ao período comprendido entre os meses de marzo de 2009 e febreiro de 2010.

Polo anteriormente exposto Propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a revisión de prezos do servizo de atención ao público e conserxería dos centros cívicos, segundo establece o prego de cláusulas administrativas, no seu punto 3, por un importe total de 538,65 €, que corresponden aos períodos comprendidos entre os meses de marzo a decembro de 2009 por un importe de 448,88 €, con cargo a partida 4631 2270604 do presuposto corrente, e de xaneiro a febreiro de 2010 con un importe de 89,77 € con cargo a partida 4631 2270604 do presuposto correspondente ao ano 2010.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(405).- RENOVACIÓN ANUAL DA CESIÓN EN USO DE LOCAIS DO CENTRO CÍVICO CASCO VELLO. EXPTE. 4010/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Atención e Participación Cidadá, do 25.03.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prórroga, por un ano e con efectos dende o día 01.01.2009, da autorización do uso e goce dos espazos correspondentes ás letras “F e F’”, a prol de “Asociación de Comerciantes e Hostaleiros Vigo-Vello” (CIF: G36909232) e do espazo correspondente á letra “C”, a prol de “Rede Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” (CIF: G36909232) .

2º.- Xirar, respectivamente, a ditas entidades, a liquidación das cotas anuais de coparticipación nos gastos correntes do inmovible, actualizadas, segundo dispón a cláusula 16ª das bases, conforme ao IPC do ano anterior, polos importes de 1.305,86 € e 1.533,54€, respectivamente.

12(406).- RENOVACIÓN ANUAL DA CESIÓN EN USO DE LOCAIS DO CENTRO CÍVICO CASCO VELLO. EXPTE. 4009/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Atención e Participación Cidadá, do 25.03.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prórroga, por un ano e con efectos dende o día 01.01.2009, da cesión en uso dos espazos do centro cívico Casco Vello identificados como “E+E’” a prol de “Asociación Familiares Enfermos de Alzheimer Galicia-Afaga” (CIF: G36776920), o espazo “B” a prol de “Asociación Galega de Lupus-Agal” (CIF: G15614064) e o espazo “A” a prol de “Fademga Feaps Galicia” (CIF: G15614064).

2º.- Xirar respectivamente, a ditas entidades, a liquidación das cotas anuais de coparticipación nos gastos correntes do inmovible, actualizadas, segundo dispón a cláusula 16ª das bases, conforme a evolución do IPC do ano anterior, polos importes de 1.479,09 €, 582,64 € e 782,92 €, respectivamente.

13(407).- RENOVACIÓN ANUAL DA CESIÓN E USO DE LOCAIS DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓN SAN FRANCISCO. EXPTE. 4011/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Atención e Participación Cidadá, do 25.03.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prórroga, por un ano e con efectos dende o día 01.01.2009, da cesión en uso dos espazos do Viveiro de Asociacións San Francisco identificados como “Despacho A” a prol de “Plan Comunitario Casco Vello” (CIF: G36790954), o “Despacho D” a prol de “Asociación pro-lactancia materna Deleite” (CIF: G36911980), a prol de “Emaus Fundación Social” (CIF: G20486825) e o “Despacho C” a prol de “Club San Roque Casablanca” (CIF: G36763084).

2º.- Xirar respectivamente, á ditas entidades, a liquidación das cotas anuais de coparticipación nos gastos correntes do inmovible, actualizadas, segundo dispón a cláusula 16ª das bases, conforme a evolución do IPC do ano anterior, polos importes de 559,51 €, 516,34 €, 381,85 € e 381,85 €, respectivamente.

14(408).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REVISIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 18489/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe do Servizo de Fiscalización, do 26.02.09, o informe de Asesoría Xurídica, do 26.01.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 29.01.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto que de 399.468,16 euros para a contratación da revisión do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do concello que se imputarán a partida 121.6.227.06.01 dos presupostos dos anos 2009; 2010 e 2011.

2º.- Aproba-lo expediente de contratación da revisión do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do concello que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 16-10-2008 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 11-11-2008.

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

15(409).- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15.12.08 SOBRE O PROCEDEMENTO DE REGULARIZACIÓN DE QUIOSCOS. EXPTE. 18532/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 9.03.09, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Primeiro.-A Xunta de Goberno Local en sesión de 15 de decembro de 2008 adoptou o seguinte acordo:

“(...)Segundo.- Regularizar a situación das seguintes persoas que rexentan quioscos instalados na vía pública, ó resultar acreditada a concorrencia dos requisitos previstos pola Disposición transitoria Segunda da Ordenanza municipal reguladora da ocupación de dominio público mediante a instalación de quioscos, outorgándolles a correspondente autorización administrativa que se rexerá polo disposto na devandita ordenanza reguladora:

Da. María Pilar Veloso Veloso, como titular do quiosco situado na terraza do Centro comercial Camelias. (...)”

Segundo.-. Examinado o acordo adoptado, detectouse que erroneamente faise constar como segundo apelido da interesada o de Veloso, cando na realidade é “Veleiro”, segundo resulta da propia documentación obrante no expediente (DNI da interesada nº 35.995.445 P)

Conseguentemente, de acordo co disposto no art. 105.2 da Lei 30/92 RXAP-PAC conforme ó cal as Administracións públicas poderan rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, procede a rectificación do acordo adoptado mediante a subsanación de dito erro, aos efectos de que figure correctamente os apelidos da interesada.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 15.12.2008 (exp. 18532/240), ós únicos efectos de subsanar o erro existente no seu apartado Segundo, e conseguintemente onde dí “...Da. María Pilar Veloso Veloso” debe dicir “... Da. María Pilar Veloso Veleiro” .

Segundo.- Notificar o presente ao interesado e servizos municipais correspondentes.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(410).- PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2009. EXPTE. 2618/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 24.03.09, que di o seguinte:

O Servicio Provincial de Costas de Pontevedra requeriu ó Concello de Vigo, en cumprimento do artigo 111.3 do vixente Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, que antes do vindeiro día 24 de abril de 2008 remitase a esa delegación o plan de ocupación e explotación dos servizos nas praias do término municipal.

Elaborouse unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

DESCRIPCIÓN	UBICACIÓN	SUPERFICIE EN M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta (A Guía)	20
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia	20
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	20
QUIOSCO 6	Areal de Samil	20
QUIOSCO 7	Areal de Samil	20
QUIOSCO 8	Areal de Samil	20
QUIOSCO 9	Areal do Vao	20
QUIOSCO 10	Areal do Vao	20

Tódolos quioscos (10) aparecen sinalados nos Planos escalas 1:1000 do servizo de Medio Ambiente do concello de Vigo.

No Prego de Prescricións Técnicas de adjudicación destas instalacións turísticas especificarase para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, asimesmo, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.

Observouse en tódolos casos, a prescrición de distancias e medidas, especificadas pola Delegación Provincial de Costas.

No plan deste ano non se preveé a instalación da Estación Nautica en atención ó acordado polo Organo Xestor de Praias reunido o día 05 de febreiro de 2009 acordouse prestar conformidade a dito plan.

A vista das anteriores circunstancias, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobalo Plan de Ocupación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2009 tal e como se recolle na parte expositiva de este informe.

2º.- Remitir antes do día 24 de abril de 2009 este Plan de Ocupación e Explotación para o ano 2008 ó Servizo Provincial de Costas.

3º O concello de Vigo obrigase a esixir dos adjudicatarios a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(411).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno local devolver as seguintes fianzas xa que as obras, servizos e subministros dos que se tratan, foron recibidas por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) Devolver a Hidroestructuras S.L. :
 - A fianza por importe de 278,50 € constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na baixada a Salgueira. Expte. 2496/241.
 - A fianza por importe de 317,39 € constituída para responder das obras de beirarrúas na rúa Cantabria. Expte. 2495/241.
 - A fianza por importe de 292,60 € constituída para responder das obras de construción de beirarrúas da rúa San Cristobal. Expte. 2497/241.

- b) Devolver a COVSA a fianza por importe de 1.270,40 € constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na Baixada a San Paio. Expte. 49578/250.

- c) Devolver a Movexvial S.L. :
 - A fianza por importe de 129,76 € constituída para responder das obras de canalización en Gran Vía e rúa Rosalía de Castro. Expte. 898/443.
 - A fianza por importe de 205,40 € constituída para responder das obras de canalización da Avda. Samil e Avda. Europa. Expte. 908/443.
 - A fianza por importe de 1.239,75 € constituída para responder das obras do modificado nº 1 de humanización do entrono de Príncipe. Expte. 43823/250.

- d) Devolver a E-Burbulla S.A. a fianza por importe de 1.199,80 € constituída para responder da redefinición e mellora das Festas de Vigo. Expte. 2617/241.

- e) Devolver a Transgalaica S.L. a fianza por importe de 8.377,85 € constituída para responder do servizo de salvamento e socorrismo en praias. Expte. 2412/241.

- f) Devolver a Oresa S.L. a fianza por importe de 1.516,00 € constituída para responder das obras de urbanización do contorno do Centro Cívico de Saiáns. Expte. 2537/241.

- g) Devolver a Construcciones Crespo S.L. a fianza por importe de 26.168,40 € constituída para responder das obras de humanización das rúas Urzáiz e Numancia. Expte. 882/443.

- h) Devolver a Esinpro Ingeniería S.L. a fianza por importe de 3.580 € constituída para responder da redacción do proxecto de melloras na ETAP do Casal. Expte. 862/443.

- i) Devolver a D^a. María Francisco Touriño as fianzas por importe de 607,74 e 295,21 € constituídas para responder da explotación de postos 6 e 3 en praias 2005. Expte. 2474/241.

k) Devolver a D^a. Mónica González Francisco a fianza por importe de 607,74 € constituída para responder da explotación do kiosco nº 7, verán 2005. Expte. 2472/241.

l) Devolver a Wasser S.A. a fianza por importe de 1.980 € constituída para responder da elaboración dun estudio de abastecemento de auga. Expte. 2541/241.

18(412).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SANJURJO BADÍA (ENTRE BARRIO FLORES E GARCÍA BARBÓN). EXPTE. 67/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 25.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a empresa HIDROESCIVIL o procedemento aberto para a contratación das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SANJURJO BADÍA, ENTRE BARRIO DAS FLORES E GARCÍA BARBÓN” (expte 67-440) por un prezo total de 1.694.875 € euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 233.775,86 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 9, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 33 persoas das que 31 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 9 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 186.250 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

19(413).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DOS ÁMBITOS DAS RÚAS BALAÍDOS E ALCALDE PORTANET. EXPTE. 77/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 25.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente á empresa CORSAN-CORVIAM CONSTRUCCIÓN, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización do ámbito das rúas Balaídos e Alcalde Portanet. Lote 1: Rúa Balaídos” (expte 77-440) por un prezo total de 1.245.862, 81 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 171.843,15 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 10, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 36 persoas das que 34 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 32 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 136.908 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar definitivamente á UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS EIRIÑA-IMES API o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización do ámbito das rúas Balaídos e Alcalde Portanet. Lote 2: Rúa Alcalde Portanet” (expte 77-440) por un prezo total de 1.234.415, 01 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 170.264,14 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 8, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 29 persoas das que 27 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 8 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 135.650 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

20(414).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DAS RÚAS ESTRADA E BAIONA. EXPTE. 81/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 25.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente á UTE EIRIÑA-IMES API o procedemento aberto para a contratación das obras de “HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DAS RÚAS ESTRADA E BAIONA. LOTE 1: RÚA ESTRADA” (expte 81-440) por un prezo total de 1.166.328,80 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 160.872,94 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 8, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 28 persoas das que 26 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 8 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 128.168 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar definitivamente á empresa GAMALLO o procedemento aberto para a contratación das obras de “HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DAS RÚAS ESTRADA E

BAIONA. LOTE 2: RÚA BAIONA” (expte 81-440) por un prezo total de 1.812.829,21 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 250.045,41 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 10, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 36 persoas das que 34 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 10 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 199.212 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

21(415).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DOS ÁMBITOS DA PRAZA DA INDUSTRIA (TORRECEDEIRA, ENTRE SANTA MARTA E PRAZA DA INDUSTRIA; TOMÁS A. ALONSO, ENTRE PI Y MARGALL E PRAZA DA INDUSTRIA) EXPTE. 83/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 25.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Adxudicar definitivamente á UTE HIDROESTRUCTURAS-INDEPO o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización do ámbito da Praza da Industria. Lote 1: Rúa Torrecedeira (entre Eugenio Fadrique e Severo Ochoa)” (expte 83-440) por un prezo total de 1. 248.465, 4 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 172.202,12 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 10, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 33 persoas das que 31 terán presenza permanente na obra.

- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 10 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 137.194 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar definitivamente á UTE EIRIÑA-IMES API o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización do ámbito da Praza da Industria. Lote 2: rúa Torrecedeira (Severo Ochoa-Santa Marta)”(expte 83-440) por un prezo total de 2.160.582,05 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 298.011,32 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 12, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 43 persoas das que 41 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 12 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 237.426,60 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar definitivamente á UTE MOVEXVIAL-DEMAIN o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización do ámbito da Praza da Industria. Lote 3: rúa Tomás Alonso”(expte 83-440) por un prezo total de 1.216.369,69 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 177.775,13 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 10, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 33 persoas das que 31 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 10 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 133.667 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

22(416).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS ACTUACIÓNS DE ADAPTACIÓNS, RENOVACIÓN E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 10304/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 25.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente á empresa GIZA INGENIERIA, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de ““Adaptacións, Renovación e Conservación das Instalacións Eléctricas dos Centros Educativos Públicos de Vigo. LOTE 1: alumeados de emerxencia e revisións oca” (expediente 10304/332) por un prezo total de 132.279,13 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 18.245,40 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 15 persoas das que 13 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 4 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

- Incrementa o prazo de garantía en 36 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 48 meses.
- Destina a cantidade de 12. 538 euros á execución de melloras ó proxecto.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 09-02-2009 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar definitivamente á empresa INABENSA, S.A., o procedemento negociado con publicidade das obras de actuacións de adaptacións, renovación e conservación das instalacións eléctricas dos centros educativos públicos de Vigo. Lote 2: adecuación e saneamento dos cadros, cableado e consumidores dos centros públicos de educación” (expediente 10304/332) por un prezo total de 221.478,07 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 30. 548, 70 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 15 persoas das que 13 terán presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.
- Aporta 4 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 11.299,90 euros á execución de melloras o proxecto.
-

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 09-02-2009 e a oferta presentada.

23(417).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE SETEMBRO-2008 E XANEIRO-2009 (INCLÚE HORAS DE AGOSTO-2008). EXPTE. 18821/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 12.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.03.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de SETEMBRO-08 e XANEIRO-09 (inclúe horas de agosto-08) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Setembro	331'00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Manuel Sixto Pérez	Setembro	1.053'00
Vías e Obras	De José Angel Agra Abalde a José Manuel Martínez González	Agosto Setembro	525'00
OSPPIO	De José Eugenio Matilde Viñas a Angel Ferro Macho	Setembro	63'00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Setembro	767'00
Alcaldía	De Basilio costas Fernández a Raquel Abalde Comesaña	Agost/Setemb	518'50
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Agost/Setemb	51'00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a M ^a Luz Palmás Calvar	Setembro 08 Xaneiro 09	2.522'00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Raimundo Villar Estévez	Setembro	138'00
Desinfección	De Andrés Hervada Ventín a José Manuel Sousa Atrio	Setembro	84'00
Distritos	De Ana Cardoso Alfonso a Carmen Cotilla Iglesias	Agost/Setemb	63'67
1 ^a Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Juan Pablo Alonso Rodríguez	Setembro Novembro	106'00
Conserxería	De M ^a Teresa Vaqueiro Herbelo a José Angel Fernández Alonso	Setembro	74'30
Policia Local	De M ^a José Álvarez Domínguez a Aida Villar Silva	Xaneiro	1.913'45

O montante do presente expediente ascende a un total de 74.337,71€ (SETENTA E CATRO MIL TRESCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS)".

24(418).- PRODUTIVIDADE ÓS CABOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POLO DESENVOLVEMENTO DE FUNCIÓNS DE SARXENTO. EXPTE. 18817/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 12.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Xestión, do 3.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Proceder ao abono dun complemento de produtividade por un importe total de 13.292,81 €, desglosado como a continuación se indica aos seguintes cabos do Servizo de Extinción de Incendios:

NOME	N PER-SOAL	N HORAS	N GARDAS	IMPORTE
ALONSO COVELO VICENTE	20592	745	31 e 1 hora	1.224,47
ALONSO VILLAR JUSTO	20801	264	11	433,33
CABALEIRO BESADA ALFREDO	20818	755	31 e 11 horas	1.257,30
FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	18508	936	39	1.536,34
LOPEZ LANDESA FELIX	14090	792	33	1.299,98
LOPEZ RIOCABO JESUS	20853	432	18	709,08
MONTES IGLESIAS EDELMIRO	10777	584	24 e 8 horas	971,70
RODRIGUEZ LAGO CARLOS	20669	528	22	2.218,38
SOLVEIRA DE LA FUENTE, F	20913	648	27	1.063,62
VILLAR COMESAÑA JOSE A	21380	880	36 e 16 horas	1.444,42
VILLAVERDE VELEIRO J.B.	14700	691	28 e 1 hora	1.134,20
			TOTAL	13.292,81

Pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos, acreditadas segundo informe do Xefe do Servizo, e ao obxecto de dar efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentencia nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento en consecuencia –e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral- á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, e consecuentemente dispoñer o aboamento das cantidades antes indicadas, correspondente ás substitucións acreditadas polo recorrente que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.”

Segundo.- Desestimar as peticións de D. Joaquin Fuentes Dominguez, D. Juan Carlos Illan Lombao e D. Hector Soage Bermudez, por non proceder abono ningún xa que o desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, non foi superior a un mes, xa que unicamente fixeron unha garda ao longo de 2008, desempeñando as funcións responsable de quenda (sarxentos). Asímesmo desesti-

mar a de D. Rafael Romero Iglesias, por non constar neste Servizo que solicitase a extensión de efectos da sentenza referida.

Tercero.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

25(419).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DE DON ANTONIO BARREIRA PAZOS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE – 2008. EXPTE. 18840/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 9.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 27.02.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados polo funcionario do Servizo de Sanidade, D Antonio Barreira Pazos, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 75,90 € , correspondentes ó 4º trimestre de 2008 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

26(420).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA GOBERNO LOCAL DE DATA 20 DE FEBREIRO DE 2009 SOBRE RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL A D. JUAN A. BARREIRO VILA. EXPTE. 18883/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- En sesión de data 20 de febreiro do 2009 (expediente administrativo nº 18.529/220) a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer o grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 18 ao empregado público municipal D. Juan A. Barreiro Vila.

Detectado erro por omisión da data dos efectos económicos e administrativos do dito acordo, procede rectificar o mesmo, consignando como tal a data da solicitude (17/10/2008).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro por omisión detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data data 20 de febreiro do 2009 (expediente administrativo nº 18.529/220) sobre recoñecemento de grao persoal ao empregado público municipal D. Juan A. Barreiro Vila, debendo contemplar o dito acordo como data dos efectos económicos e administrativos o 17/10/2008, data na cal o interesado solicitou o recoñecemento citado.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral, Tesourería Municipal (negociado de Nóminas) e Servizo de Recursos Humanos (Organización e métodos) aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(421).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO TSXG NO RECURSO DE SUPPLICACIÓN Nº 4904/2008 DE READMISIÓN CON CARÁCTER PROVISIONAL DE Dª ELISA CASAL PRIETO, Dª BELÉN PÉREZ FREIRE, Dª EVA Mª GARCÍA BARBOSA E D. XOSÉ ALBERTE CEA RODRÍGUEZ . EXPTE. 18885/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.03.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 17 de decembro do 2008 a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no recurso de suplicación nº 4904/2008, interposto por Dª Elisa Casal Prieto, Dª Mª Belén Pérez Freire, Dª Eva Mª García Barbosa e D. Xosé Alberte Cea Rodríguez e polo Concello de

Vigo contra a Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo de 23 de xullo do 2008, estimatoria parcial da demanda.

Na sentenza dictada en suplicación o TSXG estima parcialmente o recurso de suplicación interposto pola representación legal de D^a Elisa Casal Prieto, D^a M^a Belén Pérez Freire, D^a Eva M^a García Barbosa e D. Xosé Alberte Cea Rodríguez e desestima totalmente a suplicación interposta pola representación legal do Concello de Vigo, fallando literalmente que:

“Que desestimando el recurso de Suplicación interpuesto por la representación procesal del Ayuntamiento de Vigo y estimando en parte el recurso interpuesto por los demandantes contra la sentencia de fecha veintitrés de julio de 2008, dictada por el Juzgado de lo Social número cuatro de los de Vigo, en proceso por despido promovido por doña Elisa Casal Prieto, Eva María García Barbosa, Belén Pérez Freire y Xosé Alberte Cea Rodríguez frente a la demandada-recurrente debemos revocar y revocamos la sentencia recurrida y estimando en parte la demanda rectora de autos debemos declarar y declaramos la nulidad del despido de los actores condenando al Ayuntamiento de Vigo a estar y pasar por dicha declaración y a que proceda a la inmediata readmisión de los actores en los mismos puestos de trabajo que venían desempeñando con anterioridad a su despido con abono, en todo caso, de los salarios dejados de percibir desde la fecha del despido hasta el de su readmisión sin derecho a indemnización por daños y perjuicios debiendo la empresa-recurrente abonar los honorarios del letrado impugnante de su recurso por importe de 200 euros.”

2.- A representación legal do Concello, a requerimento do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 10 de febreiro de 2009, manifestou a procedencia da interposición de recurso de casación para a unificación de doutrina perante o Tribunal Supremo, por existir sentenzas con criterio xurídico diferente. Igualmente, entende a citada representación legal que procede a readmisión inmediata e o aboamento dos salarios de tramitación, descontando as prestacións en concepto de Seguridade Social que recibisen.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008.

IV. En consecuencia, provisionalmente e en tanto non sexa dictada resolución xudicial no recurso interposto nos termos dos artigos 216 a 226 do Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral - e obviamente salvo mellor criterio en contrario da Asesoría Xurídica Municipal- procede que, con carácter urxente se autorice a readmisión provisional dos recorrentes D^a Elisa Casal Prieto, D^a M^a Belén Pérez Freire, D^a Eva M^a García Barbosa e D. Xosé Alberte Cea Rodríguez no Concello de Vigo, dentro da estrutura organizativa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, aos efectos de que presten os seus servizos de xeito efectivo no Plan Municipal de Emprego, nos termos do disposto na propia sentenza.

V. En canto ao aboamento dos salarios deixados de percibir polos recorrentes, no fallo da resolución xudicial que se executa condénase ao Concello de Vigo ao seu aboamento; nembargantes, con data 19 de febreiro de 2009 o Xulgado do Social Nº 4, dictou providencia dispoñendo que polo Concello de Vigo se proceda á readmisión dos interesados, así como ao aboamento das cantidades que reclaman en concepto de salarios de tramitación, que se fixan provisionalmente ata o 31 de xaneiro de 2009.

Toda vez que D^a Elisa Casal Prieto, D^a Eva García Barbosa e D^a Belén Pérez Freire atópanse no momento actual contratadas a proposta do Servizo de Promoción Económica e Emprego dende 1 de agosto e 22 de decembro de 2008, respectivamente, non parece procedente contemplar o período completo anteriormente referido, como así se contrastou coa representación legal do Concello no presente caso.

En canto á situación de D. Xosé Alberte Cea Rodríguez estímase que o INEM deberá remitir a correspondente certificación de ter percibido prestación de desemprego.

Polo que respecta ao pago das retribucións dos recorrentes cuxo reingreso se propón autorizar, e en tanto non se regularice definitivamente a situación, este Servizo únicamente dispón da partida orzamentaria 121.0.140.00.00 (outras modalidades de contratación laboral temporal) no marco dos Orzamentos Municipais do Concello de Vigo apra o presente exercicio económico 2009, entendendo a suscribinte –a salvo obviamente de mellor criterio da Intervención Xeral- que deberá imputarse o gasto que xenere a readmisión á sinalada partida.

O réxime retributivo, será en todo caso o mesmo que o do persoal laboral integrado no cadro de persoal municipal, como así o estimou o TSXG na referida resolución xudicial (fundamento xurídico sétimo), resultando consecuentemente de aplicación o vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”.

VI. Lémbrese que ata a finalización da relación laboral entre a reclamante e o Concello de Vigo, os salarios da mesma aboábanse parcialmente con cargo ao crédito xenerado no Capítulo I derivado da financiación outorgada pola Administración autonómica, no marco dos convenios de colaboración Concello de Vigo-Xunta de Galicia (plans de cooperación), polo que debe tomar coñecemento a Xunta de Goberno Local da situación que este tipo de actuacións, de non manter un estricto control das mesmas polo servizo xestor das subvencións, pode derivar non só no incremento da carga económica do Capítulo I de gastos –circunstancia xa advertida no informe da funcionaria suscribinte ao proxecto de Orzamentos Municipais para o ano 2009 (capítulo I)- senón nunha inflación da plantilla municipal con prazas de innecesaria creación no marco da desexable racionalidade da estrutura interna da organización.

VII. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Autorizar, en execución da Sentenza de 17 de decembro do 2008, dictada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación nº 4904/2008, a readmisión con carácter provisional na Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá (Plan Municipal de Emprego) dos traballadores/as que de seguido se indican:

D^a Elisa Casal Prieto, con DNI 34.956.911, como orientadora laboral, cunha antigüidade dende 1 de febreiro de 2003.

D^a M^a Belén Pérez Freire, con DNI 36.101.261, como oficial administrativa, cunha antigüidade como auxiliar administrativa dende 7 de outubro de 1998 a 31 de marzo de 2006 e como oficial administrativa dende 15 de maio de 2006.

D^a Eva M^a García Barbosa, con DNI 32.640.577, como orientadora laboral, cunha antigüidade dende 15 de xullo de 2000.

D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, con DNI 36.120.723, como orientador laboral, cunha antigüidade de 7 de outubro de 1998.

A dita readmisión, que terá efectos de 1 de abril de 2009, queda condicionada ao que resulte do fallo da sentenza que no seu momento se dicte polo Tribunal Supremo no recurso de casación para a unificación de doutrina, a interpoñer pola representación legal do Concello ao abeiro do establecido nos artigos 216 a 226 do Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral.

SEGUNDO.- O réxime retributivo dos mesmos será en todo caso o contemplado no vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, en canto ao persoal laboral integrado no cadro de persoal municipal, consonte ao disposto na resolución xudicial que se executa (fundamento xurídico séptimo).

TERCEIRO.- Deixar sen efectos os contratos laborais temporais que D^a Elisa Casal Prieto, D^a Belén Pérez Freire e D^a Eva M^a García Barbosa teñen suscritos co Concello a día de hoxe, formalizados a proposta razoada da xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo Promoción Económica e Emprego e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(422).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á TÉCNICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS D^a ISABEL CABEZA PEREIRO DE UTILIZACIÓN DO SEU VEHÍCULO PARTICULAR. EXPTE. 18877/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.03.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro e único: Autorizar á Técnica de Prevención de Riscos Laborais, D^a. Isabel Cabeza Pereiro, a utilización do seu vehículo particular necesaria para a realización das funcións propias da súa praza en orde á comprobación e emisión de informe nos servizos municipais exteriores.

O aboamento dos correspondentes importes indemnizatorios tramitarase previa xustificación de desplazamentos pola unidade xestora, segundo o disposto no artigo 20 do RD 462/2002, de 24 de maio.

29(423).- SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL A D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ UCHA. EXPTE. 18888/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 6.03.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Mediante escrito de data 23 de febreiro de 2009, presentada a través do Rexistro Xeral deste Concello, doc. 90024331, D. José Manuel González Ucha, con DNI 36.046.380-K e nº de persoal 17101, funcionario de carreira, con praza de Administrativo de Administración Xeral e posto de Xefe de Negociado de Sanidade, solicita a consolidación do grao persoal correspondente ao complemento de destino 20.

Consultado o expediente persoal do interesado, este tomou posesión da súa praza de administrativo con data 1 de decembro de 1997, así mesmo a proposta da Comisión de Valoración do concurso interno de traslados do ano 2005, tomou posesión do posto de traballo denominado “xefe do negociado de sanidade” con data 21 de febreiro de 2007.

De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; nembargantes, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexeráse polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respetarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de data 2 de marzo de 1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante dous anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto o persoal laboral como ao persoal funcionario.

Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, elévase ao criterio do sinalado órna municipal a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Recoñecer ao funcionario D. José Manuel González Ucha, con DNI 36.046.380-K e nº de persoal 17101, funcionario de carreira, con praza de Administrativo de Administración Xeral e posto de Xefe de Negociado de Sanidade, a consolidación do grao persoal correspondente ao complemento de destino 20, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e o Servizo de Recursos Humanos.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, no supostos, termos e condicións do

previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(424).- RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL A D^a M^a GABRIELA ROMERO BANDEIRA. EXPTE. 18889/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 6.03.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data 5 de marzo de 2009, a funcionaria de carreira D^a M^a Gabriela Romero Bandeira, con n^o de persoal 15013 e DNI 36.035.364-E, administrativa de administración xeral, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao complemento de destino 20, motivado no desenvolvemento durante máis de dous anos do posto de traballo de xefe de negociado do Gabinete da Alcaldía (posto 209).

Consultado o expediente persoal da interesada, púidose comprobar que por Decreto da Alcaldía-Presidencia de 26 de novembro de 2004 a interesada foi adscrita ao posto de traballo denominado “xefe de negociado do Gabinete da Alcaldía”, código 209. O dito posto, segundo consta na RPT vixente para o ano 2004, tiña asignado como parte das retribucións complementarias propias do posto un nivel de complemento de destino 20; posto que foi desempeñado pola traballadora ata o pasado 31 de outubro do 2007, como así se dispuxo en Decreto do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 22 de outubro de 2007 dispoñendo o cambio de adscripción a un posto da Aseoría Xurídica.

Fundamentos xurídicos:

I.- De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; nembargantes, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexerese polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respetarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de data 2 de marzo de 1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desem-

peño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Recoñecer, a funcionaria de carreira D^a M^a Gabriela Romero Bandeira, con nº de persoal 15013 e DNI 36.035.364-E, administrativa de administración xeral a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 20, motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto de traballo superior en dous niveis ao grao inicial (18) por ter estado adscrita provisionalmente ao posto de traballo denominado “xefe negociado do Gabinete da alcaldía” código 209 da RPT vixente para o ano 2004, dende o 25 de novembro de 2004 ata o 31 de outubro de 2007, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada, Intervención Xeral para a súa inclusión na nómina con efectos da adopción do presente acordo, e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e organización) aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(425).- ABOAMENTO DE INDEMNIZACIÓN POR XUBILACIÓN ANITICIPADA A D. AFREDO PÉREZ ESTÉVEZ. EXPTE. 188447220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 9.03.09, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 2.03.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Mediante solicitude de data 2 de marzo de 2009, D. Alfredo Pérez Estévez, con nº persoal 10.760 e DNI 35.947.883-X, funcionario de carreira deste Concello adscrito ao Servizo de extinción de Incendios e Salvamento coa categoría de bombeiro (subgrupo C2, escala de administración especial) solicita a xubilación anticipada con efectos dende o día 3 de marzo de 2009, e consecuentemente o abono da indemnización establecida no vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

O interesado é funcionario de carreira do colectivo especial da extinguida MUNPAL, integrado no réxime xeral da Seguridade Social mediante Real Decreto 480/1993, de 2 de abril, polo que se inte-

gra no Réxime Xeral da Seguridade Social o Réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios da Administración Local. A súa antigüidade na prestación de servizos á Administración Local consta dende o 01 de setembro de 1976, data na cal se produciu o seu ingreso na Administración Local.

En relación coa xubilación anticipada, o artigo 67.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que “procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable”. Igualmente, o EBEP contempla en relación ao mesmo tema que por Lei das Cortes Xerais, con carácter excepcional e no marco da planificación dos recursos humanos, poderanse establecer condicións especiais para as xubilacións voluntaria e parcial.

A Disposición Adicional Sexta, relativa á xubilación dos funcionarios, recolle que o Goberno presentará no Congreso dos Deputados un estudo sobre os distintos rexímenes de acceso á xubilación dos funcionarios que conteña, entre outros aspectos, recomendacións para asegurar a non discriminación entre colectivos con características similares e a conveniencia de ampliar a posibilidade de acceder á “xubilación anticipada” a determinados colectivos.

A Resolución de 21 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións, do 5 de xuño de 2007, para a aplicación do Estatuto Básico do Empregado Público no ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos distingue no seu punto 8.d) que para a xubilación dos funcionarios públicos recollida no artigo 67, e consonte ao sinalado no apartado 1 das mesmas, con carácter transitorio ata que se regulen os requisitos e condicións das modalidades de xubilación previstas no EBEP, continúa vixente o artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, relativas á xubilación forzosa dos funcionarios públicos.

O artigo 161 bis.1 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, modificado pola Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social, prevé que a idade mínima esixida para ter dereito a pensión de xubilación no réxime xeral da Seguridade Social poderá ser rebaixada por real decreto, a proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se establece.

Por outra parte, na Disposición Adicional Cuadraxésima Quinta da citada Lei Xeral da Seguridade Social, e a efectos do establecido no anteriormente citado artigo 161 bis.1, determínanse -entre outros aspectos- que o establecemento de coeficientes reductores da idade de xubilación esixe a realización previa de estudos de sinistralidade no sector, e da penosidade, perigosidade e toxicidade das condicións de traballo, así como da súa incidencia nos procesos de incapacidade laboral que xera nos traballadores e os requerimentos físicos esixidos para o desenvolvemento da actividade.

En relación co colectivo de bombeiros, dos estudos levados a cabo despréndense que existen índices de perigosidade e penosidade no desenvolvemento da súa actividade e que os requerimentos psicofísicos que se esixen para o seu ingreso no colectivo e desarrollo da actividade non poden facerse a partir de determinadas idades, cumpríndose desta forma os requerimentos esixidos na lexislación para a redución da idade de acceso á xubilación, como consecuencia da realización de traballos de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa e insalubre.

Todas as anteriores observacións recolléronse no Real Decreto 383/2008, de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación a favor dos bombeiros ao servizo das Administracións e Organismos públicos, que na súa Disposición Transitoria Única establece que durante o ano 2008 o acceso ao dereito a pensión de xubilación con aplicación do coeficiente reductor establecido neste real decreto quedará limitado a quenenes cumprisen a idade de **63 anos**, límite que se rebaixará a 61 anos durante o ano 2009.

No presente suposto, o interesado cumpriu 63 anos o pasado 14 de xaneiro, efectuando consulta sobre a súa xubilación anticipada ao obxecto de beneficiarse da bonificación establecida no artigo 2 do dito Real Decreto 383/2008, confirmando o Instituto Nacional da Seguridade Social a posibilidade de acceso á xubilación anticipada, computándosele a totalidade do 100% da súa base reguladora.

Como consecuencia do anterior, o interesado solicita a súa xubilación anticipada e voluntaria con efectos do 3 de marzo de 2009, así como o abono da indemnización establecida no artigo 33 do vixente Acordo Regulador, que ascende a un importe de 4.808,10 €;

En virtude do exposto, e previa a emisión do preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se realice ao amparo do disposto nos artigos 214 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes Bases de Execución dos Orzamentos Municipais do Concello para o exercicio económico 2009 (Base 32ª), sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar, ao abeiro do artigo 67.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e Real Decreto 383/2008, de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación a favor dos bombeiros ao servizo das Administracións e Organismos públicos, a xubilación anticipada e voluntaria do funcionario de carreira D. Alfredo Pérez Estévez, con nº persoal 10.760 e DNI 35.947.883-X, bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios (subgrupo C2, escala de administración especial) con efectos económicos e administrativos do día 3 de marzo de 2009.

SEGUNDO.- Aboar ao interesado a cantidade de 4.808,10 € (catro mil oitocentos oito euros con dez céntimos) en concepto de indemnización por xubilación anticipada, de conformidade cos cálculos efectuados polo Negociado de Seguridade Social e en execución do establecido no artigo 33 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Da cantidade a aboar ao interesado, deberán descontarselle pola Tesourería Municipal 2.253,80 €, resto pendente de aboar que corresponde ao anticipo solicitado con data 26 de xuño de 2008.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(426).- ADENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 18843/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 27.02.09, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D. Carlos Lopez Font, Concelleiro delegado de Area de Xestión Municipal do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 5 de xullo de 2007 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, a sinatura da Adenda ao convenio de cooperacion educativa para a realizacion de practicas preprofesionais suscrito entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo (Anexo I) e que modifica as mencións que se fan nas cláusulas cuarta e quinta do citado convenio á Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE) entenderanse feitas á Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

ADENDA AO CONVENIO DE COOPERACION EDUCATIVA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS SUSCRITO O 30/06/2008 ENTRE CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO

Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Alberto Gago Rodríguez, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 96/2006, do 8 de xuño (DOG nº 115, do 16 de xuño de 2006), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica de Universidades 6/2001, do 21 de decembro (BOE nº 307, do 24 de decembro de 2001) e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (DOG nº 237, do 5 de decembro de 2003).

E doutra, o Excmo Sr. D. Abel R. Caballero Alvarez en calidade de Alcalde Presidente do Concello de Vigo e en representación do mesmo, con enderezo social na R/Praza do Rei, nº2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF. P3605700H, en virtude do nomeamento plenario de data 14 de xuño de 2007, e segundo as facultades que lles confire, o artigo 124 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de reximen local.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal suficiente para a celebración desta adenda ao convenio de cooperación educativa suscrito entre elas o 30/06/2008 , do que como antecedentes

EXPOÑEN

I.- O pasado 30/06/2008 ambas partes asinaron un convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas preprofesionais dos alumnos da Universidade de Vigo nas instalacións do Concello de Vigo

II.- Na súa cláusula cuarta encomendábase á Oficina de Orientación e Emprego (OFOE) da Universidade de Vigo a realización da convocatoria pública e da preselección dos estudantes que

ían participar nas prácticas. Igualmente, na súa cláusula quinta, establecíase que a tramitación, xestión e difusión das prácticas sería responsabilidade da Fundación Universidade de Vigo –FUVI-, a través da Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE).

III.- O 24 de xullo de 2008 a Universidade de Vigo subscribiu coa Fundación Universidade de Vigo –FUVI- un convenio para a xestión delegada da realización das prácticas preprofesionais do alumnado da Universidade de Vigo.

Á vista do exposto, ambas partes consideran necesario efectura as seguintes modificacións ao convenio asinado o 30/06/2008.

ÚNICA.- As mencións que se fan nas cláusulas cuarta e quinta do citado convenio á Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE) entenderanse feitas á Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

E en proba de conformidade, asínase a presente adenda en exemplar triplicado no lugar e data indicados ao comezo, dispoñendo que se achegue ao texto do convenio de cooperación educativa suscrito en data 30/6/2008, como parte inseparable do mesmo.

33(427).- DAR CONTA DA ENCOMENDA PROVISIONAL A D. FRANCISCO GUTIERREZ ORÚE DE FUNCÍONS DE RESPONSABLE DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO. EXPTE. 18894/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 5.03.09, que di o seguinte:

Considerando as necesidades organizativas que se demandan polo Concelleiro-delegado da Área de Promoción Económica, Participación Cidadá e Emprego en escrito de data 25/03/2008, e atendendo á circunstancia de que o funcionario D. Jesús González Roca, adscrito á Xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego por Decreto de data 13/03/2008, se atopa en situación de incapacidade temporal, resulta imprescindible que con carácter provisional se proceda a contar cun funcionario/a municipal que transitoriamente desenvolva as funcións de responsable do dito servizo.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito (xefe do Servizo de Participación Cidadá).

Segundo.- Dispoñer a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cesación da situación de incapacidade temporal do funcionario adscrito á xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, e en todo caso o 31 de decembro do 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e organización, así como ao Comité de Persoal.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

34(428).- DAR CONTA DO DECRETO DE COMISIÓN DE SERVIZOS EN RELACIÓN COA FUNCIONARIA D^a M^a JOSÉ VALENZUELA RODRÍGUEZ. EXPTE. 18897-220

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 18.03.09, que di o seguinte:

Vista a petición formulada pola Sra. Xerente de Urbanismo en oficio de data 16/03/2009, coa conformidade do Sr. Delegado da Área de Urbanismo, solicitando autorización para que a funcionaria D^a M^a JOSÉ VALENZUELA RODRÍGUEZ, con DNI 77008548V e nº de persoal 79183, técnica de admón. Xeral adscrita ao posto de traballo denominado “adxunto/a ao xefe/a do Servizo de Intervención na Edificación”, código 031 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 53, do mércores 18 de marzo do 2009) poda prestar servizos no citado organismo autónomo municipal en comisión de servizos;

Considerando que tanto da conformidade prestada pola Sra. Xerente de Urbanismo -no uso das facultades que en canto á xefatura do persoal ao seu cargo lle atribúen oa Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo- como da conformidade prestada polo Sr. Delegado da Área de Urbanismo dedúcese que non existe inconvinte ao respecto, entendéndose que o servizo queda debidamente atendi-

do e cuberto en canto ao persoal municipal propio do Concello adscrito ao organismo autónomo citado;

Considerando o disposto no artigo 64 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional –de aplicación supletoria ao persoal ao servizo da Administración Local-, que establece o réxime das comisións de servizo, así como o Decreto 1/2008, do 13 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, e no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 5 de xullo do 2007, RESOLVO:

“Informar favorablemente a comisión de servizos solicitada pola Sra. Xerente de Urbanismo en oficio de data 16/03/2009, coa conformidade do Sr. Delegado da Área de Urbanismo, segundo os antecedentes citados en relación á funcionaria D^a M^a JOSÉ VALENZUELA RODRÍGUEZ, con DNI 77008548V e n^o de persoal 79183, técnica de admón. Xeral adscrita ao posto de traballo denominado “adxunto/a ao xefe/a do Servizo de Intervención na Edificación”, código 031 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP n^o 53, do mércores 18 de marzo do 2009) coas especificacións e nos termos e condicións que de seguido se relacionan:

- A duración máxima será de 1 ano prorrogable por outro (artigo 64.3 RD 364/1995) debendo solicitarse á finalización do primeiro ano informe sobre a procedencia da prórroga a este Concello de Vigo.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

35(429).- DAR CONTA DA ENCOMENDA DE FUNCIONS A D. RAMÓN VÁZQUEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 18898/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 16.03.09, que di o seguinte:

Con data 9 de febreiro de 2009 o Xefe do departamento de Cultura, co conforme do Concelleiro-delegado da Área de Cultura e animación sociocultural, remite a este Servizo de Recursos Humanos, copia da solicitude de encomenda de ampliación de tarefas ao capataz de mantemento de cultura D Ramon Vazquez Martinez realizada ao Concelleiro de Xestión Municipal.

No desenvolvemento das programacións anuais do Servizo de Cultura interveñen empresas e profesionais contratados polas entidades promotoras das exposicións que requiren da colaboración e apoio técnico do persoal de mantemento das dependencias, polo coñecemento que teñen delas, para orientar traballos e solucións, facilitar materiais ou ferramentas, supervisar accesos a instalacións técnicas do edificio (eléctricas, seguridade, espazos,...), etc, así como a realización dos informes requeridos polo servizo ao respecto. Mesmo estes traballos realizados por empresas alleas non deberán realizarse sen a presenza e supervisión de persoal municipal. A colaboración do capataz de mantemento nos citados traballos require dunha dedicación extraordinaria, non compensable en descansos por razóns do servizo, xa que durante a xornada normal compre atender ás necesidades de mantemento das dependencias, que se consideran o cometido prioritario, e un incremento da responsabilidade respecto á actividade habitual do seu posto, así como unha maior disponibilidad, xa que os traballos de montaxe e desmontaxe dependen de diversos axentes externos (promotores da exposición, transportes de obras, complexidade de montaxes, períodos limitados entre exposicións, etc.) así como diante de imprevistos ou urxencias.

Considerando as necesidades do Servizo de Cultura que se demandan polo xefe do servizo, conformado polo Concelleiro delegado da Área, recollidas en escrito de 9 de febreiro do 2009, e ao abeiro do recollido no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións, e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, R E S O L V O:

Encomendar provisionalmente ao empregado municipal D Ramon Vazquez Martinez, con n de persoal 16478, adscrito ao Servizo de Cultura, funcións de apoio técnico, dacordo a sua escala e grupo de titulación, no desenvolvemento das programacións do Servizo, con dereito á percepción dun complemento de produtividade que se determine segundo o disposto nas vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do servizo, establecéndose a sua duración mentres se manteña a situación actual en canto a persoal e funcións dos postos adscritos ao servizo ou como máximo ata o remate do actual exercicio orzamentario.

Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleira-delegada da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal, dando conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos

artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno loca queda enterada.

36(430).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ESTRADA. EXPTE. 879/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de OSPIO, do 27.03.09, conformado polo xefe da Área dos Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Obra: HUMANIZACIÓN DA RÚA ESTRADA

Localidade e situación: RÚA ESTRADA, VIGO

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRA, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: UTE EIRIÑA, S.L.-IMESAPI, S.A.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: UTE EIRIÑA, S.L.-IMESAPI, S.A. (D. RAÚL SÁNCHEZ RODRÍGUEZ)

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra:

D. EMILIO OTERO MARTINEZ Titulación: ENXEÑEIRO T. OBRAS PUBLICAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

1. *Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN DE LA CALLE ESTRADA.*
2. *Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
3. *Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ALVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria UTE EIRIÑA, S.L.-IMESAPI, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(431).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. ALCALDE PORTANET (ENTRE O Nº 22 E A RÚA VALMIÑOR). EXPTE. 886/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de OSPIO, do 27.03.09, conformado polo xefe da Área dos Servizos Xerais, que di o seguinte:

Obra: HUMANIZACIÓN DA AVDA. ALCALDE PORTANET (Entre o nº 22 e a Rúa Val Miñor)

Localidade e situación: AVDA. ALCALDE PORTANET

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRA DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: UTE EIRIÑA, S.L.-IMESAPI, S.A.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: UTE EIRIÑA, S.L.- IMESAPI, S.A

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra:

D. EMILIO OTERO MARTÍNEZ Titulación: ENXEÑEIRO T. OBRAS PÚBLICAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Unha vez rematadas as probas selectivas, a Comisión de Valoración proporá o/a candidato/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para o seu nomeamento como funcionario interino por acumulación de tarefas (Artº. 10.1 a) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público).

IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-,

podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao

órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

-Un funcionario/a de carreira deste Concello, integrado como mínimo no subgrupo C2 de titulación, con título de Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente, tamén como mínimo, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo integrados como mínimo no subgrupo C2 de titulación, que dispoñan do título de Graduado Escolar, FP 1º Grao ou equivalente, tamén como mínimo, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, normativa de concordante aplicación.

T E M A R I O

BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. A Coroa.*
- Tema 2.- Organización municipal. Competencias.*
- Tema 3.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións. Práctica da notificación.*

BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1.- S. O. LINUX
Instalación; Sistemas de ficheiros; Xestión de espacio en disco; Montar/Desmontar dispositivos; Xestión de logs; Xestión de arquivos; Compartición de ficheiros con SMB.*
- Tema 2.- S. O. LINUX
Instalación de paquetes con RPM; YUM; Repositorios; Configuración da Rede. Dispositivos de impresión.*
- Tema 3.- S. O. LINUX
Comandos de Xestión do Sistema, Xestión de procesos; Creación de usuarios; Rendemento do Sistema; Estructura básica de directorios do sistema.*
- Tema 4.- S. O. WINDOWS
Instalación de software; Configuración de dispositivos; Compartición de carpetas; Configuración da rede.*
- Tema 5.- S. O. WINDOWS
Aregar ou quitar programas; Aregar novo hardware; Ferramentas do Sistema; Administrador de tarefas; Configurar impresoras.*
- Tema 6.- Redes
Configuración de usuarios; TCP/IP; equipamentos de rede: Switches, routers, firewalls.*
- Tema 7.- Redes*

- Comprobación de rendemento e funcionamento da rede; Detección de avarías básicas e resolución das mesmas.*
- Tema 8.- *Comunicacións de voz: Centraliña telefónica Ibercom; Terminais; Facilidades: Desvíos, Grupos, Conferencia múltiple, sígame...etc.*
- Tema 9.- *Seguridade informática:
Normas e regulamentos; Instalación e configuración de sistemas antivirus nos usuarios; detección e limpeza de virus; antivirus.*
- Tema 10.- *Novas tecnoloxías:
Internet: Instalación, configuración. Correo electrónico: Instalación e configuración. Navegadores, buscadores. FTP.*
- Tema 11.- *Open Office:
Ferramentas de configuración; Configuración do idioma e dos dicionarios; Configuración Base de datos.*
- Tema 12.- *Open Office WRITER:
Diferencias con Word; Formateado de texto; Combinación de correspondencia; Estilos.*
- Tema 13.- *Open Office CALC:
Diferencias con Excel; Uso de fórmulas; Formateado de celdas.*
- Tema 14.- *Mantemento de Pcs e Impresoras:
Detección de avarías; Tipos de avarías; Resolución de avarías; Rexistro de avarías.*

44(438).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 18879/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión do 13.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Antecedentes:

No cadro de persoal municipal correspondente ó presente ano 2009, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 22 de decembro de 2008, figura vacante, entre outras, unha praza de Auxiliar de Administración Xeral, con posto de igual denominación no Servizo de Benestar Social, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008 (aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de decembro de 2008, e publicada no BOP e no DOGA de 10 e 19 de febreiro de 2009, respectivamente), pola renuncia presentada pola funcionaria interina D^a. Carmen Gloria González Vicente a través do Rexistro Xeral deste Concello, doc. 90027334 de data 26 de febreiro anterior, o ter tomado posesión como funcionaria de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data 1 de marzo pasado. En consecuencia é necesario cubrir la mencionada praza para garanti-lo normal funcionamento do Servizo de Benestar Social, tal e como se reflexa no escrito de data 23 de febreiro de 2009, asinado polo Xefe da Area de Benestar Social.

O concelleiro-delegado da área de xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 13 de marzo de 2009, autorizou o referido nomeamento.

Na derradeira Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse 14 prazas de Auxiliar de Administración xeral, quedando un total de catro aspirantes, que tendo aprobados todos os exercicios da oposición non obtiveron praza, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, pero que posteriormente foron nomeadas interinamente por acordos do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29 de novembro e da Xunta de Goberno Local de 28 de decembro de 2007, respectivamente, polo que na actualidade a referida lista atópase esgotada.

En consecuencia, foi necesario artellar un proceso de cubrición áxil que permitise, coa debida urxencia a formalización de novos nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, que en todo caso deberá ser respetuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2, da Lei 7/2007, do 12 de abril, proceso selectivo que foi autorizado e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 26 de agosto de 2008, na que foron aprobadas as bases dun novo proceso selectivo para o nomeamento interino por acumulación de tarefas de 3 auxiliares administrativos para distintos servizos municipais polo período máximo de seis meses, expte. 18310/220.

Executado o referido proceso selectivo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 30 de decembro de 2008, procedeu o nomeamento de tres auxiliares de administración xeral, como funcionarias interinas por acumulación de tarefas, polo período máximo de seis meses, a favor de D^a. Margarita Sisto Ramos, DNI 32.680.158-X, D. David Vidal Conde, DNI 76.913.260-H e D^a. Susana Vázquez Barbosa, DNI 34.965.732-M, por se-las candidatas que obtiveron as máximas puntuacións no referido proceso de selección, acordando asimesmo que as persoas que superaron a totalidade dos exercicios do referido proceso selectivo pero obtiveron menor cualificación pasen a formar parte dunha lista de substitucións ou bolsa de efectivos, aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, ou ser excepcionalmente contratados/as como persoal laboral para necesidades conxunturais, previa tramitación do correspondente expediente administrativo ao efecto, acreditado no proceso de selección o cumprimento dos principios consignados no artigo 55 da referida Lei 7/2007.

Nembargantes, con data 29 de xaneiro pasado, un dos candidatos propostos D. David Vidal Conde, DNI 76.913.260-H, renunciou a tomar posesión, polo que foi requerida a aspirante que ocupou o cuarto lugar D^a. Eva María da Rocha González, DNI 76.994.143-X, que aceptou mediante escrito de data 3 de febreiro de 2009 o nomeamento proposto por acumulación de tarefas, sendo nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 16 de febreiro seguinte.

Asimesmo, na referida sesión da Xunta de Goberno, autorizouse o nomeamento interino da aspirante que figuraba no quinto lugar na referida oposición D^a. Surayma Amoedo Rodríguez, DNI 76.991.512-R, a cal está pendente de tomar posesión como funcionaria interina, nomeamento que deberá facerse de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.

Os efectos de proceder a cobertura interina da praza que figura no parágrafo primeiro desta proposta, foi requerida a seguinte aspirante da lista de substitucións ó que se refire o quinto parágrafo, D^a. Susana Durán Martínez, DNI 6.899.963-S, rexeitando a referida candidata o nomeamento pro-

posto, toda vez que a mesma conta coa condición de funcionaria de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo, achegándose copia do acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo.

En consecuencia, foi requerida a seguinte aspirante da lista, D^a. M^a. Dolores Fernández Fernández, D.N.I. 36.082.249-X, aceptando expresamente ésta, mediante escrito de 13 de marzo actual, que obra no expediente, optar ó referido nomeamento interino ata que se resolva a súa cobertura definitiva a través das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convoque éste Concello, e que xa foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro do pasado ano 2008 e que foi publicada no BOP e no DOGA de data 10 e 19 de febreiro de 2009, respectivamente.

Fundamentación xurídica

Consonte ao artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE N^o 89, do venres 13 de abril do 2007) os funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dé algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). A selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos áxiles, que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza a praza. Dito nomeamento será revocado, ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñe interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.

O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63. Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 2/2008, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionales e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 138 da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009).

Asi mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedimentos axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto nas bases para o nomeamento interino de tres auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 26 de agosto de 2008, publicadas na prensa local do día 29 de agosto seguinte, “os aspirantes que superen tódalas probas de que consta proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino polas circunstancias previstas nos apartados b), c) e d) do artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados/as como persoal laboral para necesidades conxunturais, previa tramitación do correspondente administrativo ao efecto, acreditado no proceso de selección o cumprimento dos principios consignados no artigo 55 da referida Lei 7/2007.

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 30 de decembro de 2008, acordou que as persoas que superaron a totalidade dos exercicios do referido proceso selectivo pero obtiveron menor cualificación pasen a formar parte dunha lista de substitucións ou bolsa de efectivos, aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, ou ser excepcionalmente contratados/as como persoal laboral para necesidades conxunturais, previa tramitación do correspondente administrativo ao efecto, acreditado no proceso de selección o cumprimento dos principios consignados no artigo 55 da referida Lei 7/2007, dada a inexistencia de aspirantes dispoñibles nas listas de reserva derivadas da execución da última Oferta de Emprego Público do Concello.

Consecuentemente, resulta obvio o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas e, interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para o nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres auxiliares administrativos, expte. 18310/220.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, a Técnica de Xestión que subscribe, coa conformidade da Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina dunha praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, dacordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Servizo de Benestar Social contida no escrito de data 23 de febreiro de 2009.

Segundo.- Nomear funcionaria interina con cargo á referida praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral a D^a. M^a. DOLORES FERNÁNDEZ FERNANDEZ, con D.N.I. 36.082.249-X, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do proceso de selección de persoal para funcionarios interinos celebrado no Concello, vista a inexistencia de aspirantes dispoñibles nas listas de reserva derivadas da execución da última Oferta de Emprego Público do Concello. O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico

do Empregado Público, extinguíndose automáticamente a condición de funcionaria interina no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2008, publicada no BOP e no DOGA de 10 e 19 de febreiro de 2009, respectivamente, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(439).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DUNHA ORIENTADORA LABORAL E UNHA VISITADORA DENTRO DO EQUIPO TÉCNICO DO PROGRAMA DE EMPREGO “VIGO LABORANDO”. EXPTE. 5785/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.03.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 16.03.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Prorrogar a contratación dunha orientadora laboral e dunha visitadora contratadas dentro do equipo técnico do programa experimental de emprego “VIGO LABORANDO”, tal e como aparece xustificado no informe de data 16 de marzo de 2009, segundo o seguinte:

Como Titulada media (Orientadora laboral) (categoría profesional Titulada media, da modalidade traballadores/as TÉCNICOS/AS E XESTORES/AS dos programas de emprego)

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	Casabella Fidalgo de Lemos, Andrea	32827959J

Como Xefa de equipo (Visitadora) (categoría profesional Xefa de equipo, da modalidade traballadores/as TÉCNICOS/AS E XESTORES/AS dos programas de emprego)

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	Mosquera Arbones Davila, Julia	36075424Q

As prórrogas das contratacións terán as seguintes características:

Periodo de prórroga de contratación: Dende o 01/04/09 ata o 28/06/09 (dous meses e 28 días).

Tipo de contrato: Obra o servizo de duración determinada a xornada completa.

Obxecto do contrato: Realización das funcións propias como como, (segundo o posto), no desenvolvemento do proxecto “Vigo Laborando”, no marco do programa experimental en materia de emprego, conforme establece a Orde de 5 de decembro de 2007

Retribucións salariais: As establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións socio-laborais das contratacións no marco do PME 2008-2011, na modalidade de Tralladores/as TÉCNICOS/AS E XESTORES/AS dos programas de emprego.

As pagas extras serán prorrateadas mensualmente.

Polo anteriormente exposto o custe total estimado da contratación do persoal do equipo técnico para o desenvolvemento do proxecto “Vigo Laborando”, ascende á cantidade de 13.018,18 € correspondentes aos orzamentos de 2009, custes que se aplicarán na partida orzamentaria 3220.1310056 “Gastos persoal Vigo Laborando” polo importe de 4.996,54€ e na partida 3220.1410000 “Contratacións Fomento do emprego” e 3220.1600000 “Seguridade Social contratacións Fomento do Emprego”, polo resto do importe, 8021,64€, do orzamento vixente e conforme á cofinanciación que ten que asumir o Concello de Vigo (20% equivalente a 8,077,50€), conforme ao seguinte cadro.

PRORROGA NA CONTRATACIÓN DOS TÉCNICOS E XESTORES DO PROGRAMA “VIGO LABORANDO”											
Postos	Categoría (posto)	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	
1	Titulado medio (orientador/a)	1.626,67	271,11	1.897,78	1.897,78	a	32,10	609,19	2.506,97	2.506,97	
1	Xefe de equipo (visitador/a)	1.193,36	198,89	1.392,25	1.392,25	d	38,70	538,80	1.931,05	1.931,05	
TOTAL MES										4.438,02	
Total abril xuño 2009:			2,93 meses contratación				Período	01/04/09 28/06/09		13.018,18	
Total prórroga contratación										13.018,18	
Importe da subvención concedida ano 2009:										80.775,00	
Cofinanciación da entidade ano 2009:										8.077,50	
Xeración crédito 2009 para contratacións:										56.900,20	
Total contratacións xaneiro marzo 2009:										51.903,66	
Diferencia entre a xeración e o custe de contratación (custo con cargo á partida 3220 1310056):										4.996,54	
Custo restante da contratación con cargo a partida 3220 1410000										8.021,64	

46(440).- CONTRATACIÓN POR TRES MESES DE CATRO ORIENTADORAS LABORAIS E UNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA. EXPTE. 5758/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.03.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 16.03.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Contratar a por tres meses máis a catro orientadoras laborais e unha auxiliar administrativa, tal e como aparece, tal e como aparece xustificado no informe antedito e en toda a documentación que se achega, segundo o seguinte:

- Como Tituladas medias (Orientadoras laborais) (categoría profesional Titulada media, da modalidade traballadores/as TÉCNICOS/AS E XESTORES/AS dos programas de emprego)

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	Calviño Groba, María Milagros	34869879Q
2	Cores Otero, María Carme	36087102X
3	Sousa Fernández, Alejandra	76813932G
4	Pérez Durán, María Gloria	36099404F

- Como Auxiliar administrativa (categoría profesional Auxiliar administrativa, da modalidade traballadores/as TÉCNICOS/AS E XESTORES/AS dos programas de emprego)

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	Núñez Vázquez, María Tatiana	36101067Z

As prórrogas das contratacións terán as seguintes características:

- Periodo de prórroga de contratación: Dende o 01/04/09 ata o 30/06/09 (tres meses).
- Características do contrato: segundo o contrato anterior para este proxecto.
- Tipo de contrato: Obra ou servizo de duración determinada a xornada completa.
- Obxeto do contrato: Realización das funcións propias como (segundo o posto), no desenvolvemento das actividades de información, orientación e busca de emprego.
- Retribucións salariais: As establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2008-2011, na modalidade de Tralladores/as TÉCNICOS/AS E XESTORES/AS dos programas de emprego.
- As pagas extras serán prorrateadas mensualmente.

Polo anteriormente exposto o custe total estimado da contratación do persoal do equipo técnico para o desenvolvemento das accións de información, orientación e busca de emprego, ascende á cantidade de 35.200,49 € correspondentes aos orzamentos de 2009,

custes que se aplicarán na partida orzamentaria 3220.141 “Contratacións Fomento do emprego” e 3220.1600000 “Seguridade Social contratacións Fomento do Emprego”, conforme ao seguinte cadro:

CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS E XESTORES											
Postos	Categoría (posto)	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	
4	Titulado medio (orientador/a)	1.626,67	271,11	1.897,78	1.897,78	84/a	32,10	609,19	2.506,97	10.027,87	
1	Auxiliar administrativo/a	1.106,71	184,45	1.291,16	1.291,16	84/a	32,10	414,46	1.705,62	1.705,62	
TOTAL MES										11.733,50	
Total abril xuño 2009:			3,00 meses contratación				Período		01/04/09 30/06/09		35.200,49
Total prórroga contratación										35.200,49	

47(441).- SOLICITUDE DE AXUDA PARA A REPOBOACIÓN DE FRONDOSAS CADUCIFOLIAS NO MONTE DA GUÍA. EXPTE. 4519/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do escrito do xefe de Parques e Xardíns, do 26.03.09, que di o seguinte:

Achégase memoria descritiva da Repoboación de frondosas caducifolias no Monte da Guía para informar a esa Xunta de Goberno da solicitude de axuda ante a Xunta de Galicia - Consellería do Medio Rural, segundo as bases reguladoras das axudas para o fomento das frondosas caducifolias publicadas no DOGA o 27 de febreiro de 2009 para o exercicio 2009.

O importe da subvención solicitada poderá acadar o 70% do importe total de investimento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

48(442).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O EVENTO “III CRITERIUM VIGO” OS DÍAS 4 E 5 DE ABRIL DE 2009. EXPTE. 8533/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 26.03.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués, a organizar o vindeiros días, sábado 4 e domingo 5 de abril de 2009, o evento denominado “ III CRITERIUM VIGO ” no treito comprendido entre Isaac Peral e a rúa Oporto, cun horario comprendido entre as 15.00 horas e as 19.00 horas do sábado 4 de abril e o domingo 5 de abril de 10.00 horas ata as 14.00 horas.

49(443).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE TORRECEDEIRA ENTRE A RÚA SEVERO OCHOA E A RÚA SANTA MARTA”. EXPTE. 896/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de OSPPIO, do 27.03.09, conformado polo xefe da Área dos Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Obra: HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE TORRECEDEIRA (ENTRE A RÚA SEVERO OCHOA E A RÚA SANTA MARTA)

Localidade e situación: RÚA CONDE TORRECEDEIRA

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS D. JUAN VICENTE ALBÍN ÑÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: UTE EIRIÑA-IMESAPI

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS D. JUAN VICENTE ALBÍN ÑÍGUEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS D. JUAN VICENTE ALBÍN ÑÍGUEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: UTE EIRIÑA-IMESAPI

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. JOSÉ MANUEL FOUCES DÍAZ e DNA. ANA RODRÍGUEZ RAMILO

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

1. *Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE TORRECEDEIRA (ENTRE A RÚA SEVERO OCHOA E A RÚA SANTA MARTA).*
2. *Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
3. *Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria UTE EIRIÑA-IMESAPI, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

50(444).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA AVDA. BALAÍDOS”. EXPTE. 887/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de OSPIO, do 27.03.09, conformado polo xefe da Área dos Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Obra: HUMANIZACIÓN DA AVENIDA BALAÍDOS

Localidade e situación: AVDA. BALAÍDOS, VIGO

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO D. LUIS M. CORDERÍ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: IXOLUX CORSAN CORVIAM

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO D. LUIS M. CORDERÍ RODRÍGUEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO D. LUIS M. CORDERÍ RODRÍGUEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: IXOLUX CORSAN CORVIAM (D. CARLOS FERNÁNDEZ DE LANDA)

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra:

DNA. LUCÍA FERNÁNDEZ BERMÚDEZ

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN DA AVENIDA BALÁDOS.*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria IXOLUX CORSAN CORVIAM, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

51(445).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA AVDA. SANJURJO BADÍA, ENTRE O BARRIO DAS FLORES E GARCÍA BARBÓN”. EXPTE. 875/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de OSPIO, do 27.03.09, conformado polo xefe da Área dos Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Obra: HUMANIZACIÓN R/SANJURJO BADÍA (ENTRE BARRIO DAS FLORES E GARCÍA BARBÓN)

Localidade e situación: RÚA SANJURJO BADÍA

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO, D. ALBERTO MORENO GARCÍA

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: HIDROSCIVIL, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO, D. ALBERTO MORENO GARCÍA

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO, D. ALBERTO MORENO GARCÍA

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: HIDROSCIVIL, S.L.(DNA. AMANDA GARCÍA RODRÍGUEZ)

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra:

D. ALBERTO MORENO GARCÍA Titulación: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN R/ SANJURJO BADÍA (ENTRE BARRIO DAS FLORES E GARCÍA BARBÓN).*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria HIDROSCIVIL, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c)

d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

52(446).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e tres minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.